

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS
CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL
ÁREA:
DATA: 8 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 6º DE INFANTIL

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación na Educación Infantil será global, continua e formativa para axustar a axuda ás características individuais dos nen@s. A avaliación servirá para identificar as aprendizaxes adquiridas, o nivel de desenvolvemento acadado nas competencias básicas en función do ritmo e as características de cada nen@. A estes efectos empregaranse os criterios de avaliación establecidos en cada unha das áreas do primeiro e segundo trimestre, para garantir aprendizaxes e competencias imprescindibles para a consecución dos obxectivos da etapa e a súa promoción á Educación Primaria, que non se vai ver prexudicada pola situación de actividade educativa non presencial.

Finalmente, emitirase un informe individualizado do alumno ou alumna, coa finalidade de adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/2021 na ensinanza primaria.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

No contexto actual do terceiro trimestre, é imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumn@s como partícipes directos no proceso da ensinanza-aprendizaxe dos seus fill@s; por iso dende que comenzou o estado de alarma, as titoras puxémonos en contacto coas familias a través da Aula Virtual do centro, nun primeiro momento, logo vía telefónica para preocuparnos polas súas situacións persoais (saúde familiar, inquietudes, preocupacións e as condicións de acceso aos contidos on line). Manifestáronnos que todos gozaban de boa saúde e eran capaces de acceder aos contidos telemáticos que lle estabamos ofrecendo.

Proporcionámoslle un nº de usuario e contrasinal para que poideran comunicarse con nós a través do servizo de mensaxería da Aula Virtual. Por último facilitámoslle os nosos correos corporativos para que estiveran en contacto permanente e así levar o mellor posible esta situación que nos tocou vivir.

A través da Aula Virtual colgamos actividades de forma semanal, para que os alumn@s poideran desenvolver a súa aprendizaxe continua de modo non presencial.

Toda as actividades que se propoñen a través da Aula Virtual son de carácter orientativo e recoméndase que os nen@s, sigan unha rutina e realicen tarefas diariamente durante un curto período de tempo.

As actividades que lles propoñemos son de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes e competencias acadadas nos dous primeiros trimestres do curso. Cada familia pode decidir cales elaborar, en función dos gustos, intereses, motivacións e ritmos dos nen@s para que esta situación non lles supoña máis incertidume, nin unha sobrecarga de tarefas.

As actividades son globalizadas, interdisciplinares, variadas, graduadas para que permitan seguir ao alumnado coa súa formación, atendendo as súas necesidades educativas e emocionais e así garantir a atención á diversidade. As actividades propostas tratan todas as áreas de aprendizaxe.

Seguimos a seguinte dinámica:

► **Rutinas diarias e autonomía.** É recomendable ensinarlles a adquirir máis autonomía: no vestido, na alimentación...Poden axudar nas tarefas da casa, poñer e quitar a mesa, recoller a habitación, ordenar os xoguetes...

► Falar con eles de temas variados e explicándolles as cousas usando unha linguaxe clara e correcta sin infantilizar.

Lecto-escritura

► Facer xogos como nomear palabras que empecen por esa letra, ou buscalas en diferentes palabras, xogar a "palabras encadeadas".

► Adiviñar que pon, como se escriben algunhas palabras ou copiar pequenas frases.

► Identificar as letras e repasar o seu trazo, escribir frases sinxelas, pequenas rimas, listas de todo tipo (animais, prantas, amigos, debuxos...), o seu nome e apelido. Todo en minúsculas e acompañando ao debuxo correspondente.

Contos

► Recoméndase que manteñan o bo hábito de lerlles unha historia todos os días antes de deitarse. Póden comentar xuntos a historia e inventar outro final.

É bo que teñan o seu propio "espazo de biblioteca". Ademáis, pódese ler todo tipo de libros, periódicos, revistas, receitas, dicionarios, publicidade...

Lóxica- matemática

► Números: Contar obxectos habituais (froita, xoguetes, toallas, camisetas...). Pódese facer incluso no día a día (cando se garda a roupa, os xoguetes, cando poñemos a

mesa...). Contar de forma crecente e decrecente, de dous en dous... Facer sumas e restas moi sinxelas, escribir os números, buscalos en etiquetas, botes de crema, libros...

► Conceptos: Aproveitar cada recuncho da casa para facer pequenos xogos: buscar similitudes de obxectos con formas xeométricas (cadrado, círculo, triángulo), descubrir tamaños de cousas e persoas e comparalos (grande, mediano, pequeno)

Plástica

► Realizar traballos plásticos con diferentes materiais e técnicas.

Xogos

► Os xogos de mesa son unha gran alternativa para esta idade, igual que as adiviñas, trabalinguas, crucigramas.

Psicomotricidade

► Xogar coa pelota botándoa, facer volteretas, saltar á comba...